C 651/12

SIMBOLOS de GALICIA



a bandeira o escudo e o himno

HELENA VILLAR ✷ XESUS RABADE

PREMIO PATRONATO ROSALIA DE CASTRO 1979

SIMBOLOS DE GALICIA

C 651/12

SIMBOLOS de GALICIA

a bandeira o escudo e o himno

MINISTERIO DE EDUCACION Y CIENCIA - GABINETE DE DOCUMENTACION Y ARCHIVO - BIBLIOTECA

R-50-748

HELENA VILLAR · XESUS RABADE

PREMIO PATRONATO ROSALIA DE CASTRO 1979

Edita.- Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación
ISBN: 84-369-0785-X
Depósito legal: M. 25134 - 1980
Imprime: Grafipress --Madrid

Queremos deixar aquí o agradecemento expreso ó Ministerio de Educación, e moi en especial ó seu titular, D. Xosé Manuel Otero Novas, polo interés con que quixo acoller este libriño, que é, ó cabo, un interés en beneficio de tódolos nenos de Galicia.

Congratúlanos grandemente esta xenerosa disposición, porque queremos crer que supón un principio de recoñecemento da realidade plural e rica dos pobos que constitúen España, e neste caso concreto de Galicia, sempre ou case sempre muda, agachada, a nivel dos textos oficiais. Pois sabido é que o mellor modo de sentírmonos membros dunha comunidade mais ampla é exercendo os dereitos inalienables dun e respetando ó tempo os irrenunciables dereitos dos demais.

OS AUTORES.

Querida Elviriña:

Acabo de recibi-la túa carta. ¡Que ben escribes xa e cantas cousas me dis nela! A pesares dos teus nove aniños, semellas xa un pebideiro de perguntas. Algunhas, contestareichas cando vaia. Outras, podes ir perguntándollelas a teus pais, ós abós... Pergunta sempre a todos, como o fas comigo, e así saberás por que os abós casaron en Buenos Aires, por que non falas coma os teus curmáns da vila, por que Rosiña de Vilacol fala nesa lingua que niguén da escola entende...

Así e todo, a mais importante das perguntas que me levas feitas quérocha responder hoxe. Eu agardábaa de ti desde hai ben tempo: «Madriña, ¿que é Galicia?» Aínda fuche mais lonxe. Fálasme da BANDEIRA, do ESCUDO, do HIMNO... Disme que os ves, que o oes, mais que non sabes case nada deles. Velahí a miña resposta. Este libriño tíñao xa feito pra ti e pra tódolos nenos que queren sabe-las mesmas cousas. Catade ben nas súas folliñas, coma as dunha volvoreta apousadoira que se debece por aniñar no voso colo.

OS SÍMBOLOS

Os pobos, coma o galego, precisan duns sinais que xonzan uns homes cos outros, que os animen, que os alporicen mesmo, ou que os representen. E non só os pobos grandes, con moita xente e con moita historia, senón tamén os grupos de homes que se asemellan en moitas cousas e que persiguen uns fins no decurso do tempo.

Estes sinais poden ser de dúas clases. Uns halos percibir primeiramente polos ollos: son visuais, coma panos de diversas cores que revoan no vento, tecendo e retecendo os días mais fermosos da historia dos homes que os sinten (bandeiras), ou simples dibuxos que, cando representan ós pobos, amostran algún tipo de relación co seu pasado histórico ou lexendario (escudos), e que poden ir sos ou colocados sobre a bandeira. Outra clase de sinais é a que se percibe polos oídos. Son os sinais que menos relación gardan coa realidade, se só son musicais. De seren así, aínda lle ganan en abstracción á bandeira. Mais estas representacións (que se chaman himnos) teñen xeralmente letra (poema), que sirve precisamente pra descifra-lo seu significado. Cántanse ou tócanse, pois, con moito respeto e recollemento. Mentres se escoitan, a xente está de pé. A letra do himno, como suporás, fana uns homes ou mulleres privilexiados, que son quen de veren as realidades que fundamentan os sentimentos dos futuros cantores. É como se che dixese que estes poetas ou aqueles músicos son quen de fiaren a realidade física e espiritual dun pobo e converti-la nun novelo

de ouro do que irán tirando pra tecer e arroupa-los seus días as xeneracións futuras.

Por estes inventores que vas descubrir neste libro, por estes homes que tan ben sentiron a nosa realidade de pobo diferente e que souberon deixárnola en herdo, ten sempre, miña nena, un grande respeto, admiración e gratitude.

EXERCICIOS que debes facer no teu caderno:

1) Busca, recorta e pega algunhas bandeiras. Escribe debaixo o que representan.
2) Fai o mesmo cos escudos.
3) Seguro que algunha vez escoitáche-lo himno dalgún país. Fai un exercicio de redacción contando o que pasaba no momento de oílo. Se non es quen de facelo ti soíña, pide axuda na túa escola.
4) Vai ó Axuntamento da túa vila. Pergunta polo escudo. Hanche dar algún papeliño que o teña impreso. Despois, dibúxao no caderno e rotúlalle por baixo o nome do teu municipio.

A BANDEIRA

¡EN PÉ!

¡Irmáns! En pé, sereos,
a limpa frente erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira de Galicia,
cantémo-lo dereito
a libre nova vida!
.....

(Ramón Cabanillas. **Da terra asoballada,** Arousa, 1917)

A BANDEIRA

Xa che falei do que son os símbolos. Nomeeiche tamén dentro deles as bandeiras. Agora imos referirnos á BANDEIRA GALEGA. Acabas de ler un fermoso poema de Ramón Cabanillas * que che fala dela, do que representa, das súas cores, e do que ha significar pra todos nós, prós galegos.

Éche así mesmo. Cando véxa-la bandeira de Galicia, pensa que alí está presente o noso pobo, os nosos problemas, os nosos degaros, a nosa lingua, as nosas cousas. ¿Que cousas? Moitas, moitas... A ver se a ti mesma se che ocurre algunha mais. Anque me dis que xa a tes vista moitas veces, fíxate ben neste dibuxo: Un pano branco, unha xeira azul que o enxerga de arriba a abaixo e de esquerda a dereita. Desde hoxe, onde a vexas, sabes que alí están Galicia, os galegos, que alí está mesmo un anaquiño de ti.

Agora que xa a coñeces, cómpre que saibas outras cousas dela: que non sempre foi así, que os galegos se xuntaron, cantaron, sufriron ou choraron ó pé doutro sinal distinto da bandeira de hoxe, e que pra eles, polas razóns que che levo dadas, significaba o mesmo.



* Cando vexas esta marca, acude a BIOGRAFIAS, FITOS E DATAS, páxina 41), onde atoparás mais información.

Nas súas orixes foi, indistintamente, branca e bermella, cun escudo no medio. Andando o tempo, a bermella convertiuse no pendón que representa ós axuntamentos, como este que ves á marxe. A branca foi mais afortunada, como has ir vendo.

Era o ano 1809. España enteira estaba en guerra cos franceses. Un fatado de mozos universitarios compostelans tamén intervén na loita: chamóuselles a estes valentes galegos Batallón Literario; ían combatir moi decididos en terras galegas ó nemigo francés, e querían ter presente a Galicia dunha maneira visible e clara diante deles e diante dos invasores, de xeito que os mesmos franceses se decataran de que estaban a loitar con galegos.

Levaban a súa bandeira, a fermosa bandeira que che amostro aquí.



Bandeira do Batallón Literario, que se conserva na Universidade de Compostela.

Cando sexas meirande, estudara-la batalla de Pontesampaio. Agora só debes lembrarte con moita admiración e agarimo daquela loita, daqueles rapaces galegos e da bandeira que erguían ó vento, que é tamén túa.

Branca sería de certo a bandeira galega que no ano 1846 se levantaba contra o centralismo opresor, e que foi enseña daquel grupo de **pronunciados** *, traxicamente abatidos en Carral **. Foi un verdadeiro milagro que a nosa bandeira, xa alba, non quedase tinxida co sangue daqueles brutais fusilamentos.

A conciencia do pobo galego medra a partir destes feitos que che conto. Os galegos síntense mais fortes

e mais unidos porque teñen tamén unha voz forte e unificadora, a de Alfredo Brañas ***, que fala e fala da bandeira, e de nós arredor dela, en discursos, cartas e xornais. El aínda a nomeará como **blanco pendón de Galicia.**

Un día perguntácheme por que os abós casaran en Buenos Aires e non na capela onde ti ve-las bodas da vila. Unha razón, a mais poderosa, é que os galegos andaron, e andan hoxe, repartidos polo mundo. Por iso mesmo Rosiña de Vilacol fala alemán. Os abós, e moitísimos mais galegos, estiveron ou morreron nun país de América. Alí sentían unha grande señardade da súa terra e xuntábanse pra lembrala. Alí quixeron, tamén, ter unha bandeira que representase a Galicia nas súas reunións, que llela fixese presente cando mais abatidos ou mais ledos se atopaban. Nos Centros Galegos, que así se chamaron os lugares daquelas xuntanzas, a nosa enseña, que xa coñeces, comenzou a animar e a presidir no alén mar os labores e os contactos dos galegos.

Decíache que, tralos fusilamentos de Carral, foi bon milagro que non quedase a bandeira tinxida de sangue. Case coma un milagro tamén, empezou a se tinxir da cor dóce do ceo. Non se sabe ben de onde lle ven á nosa bandeira a xeira azul. Quizaves do mar, do ronsel na auga da grande travesía da emigración. Quizaves da bandeira da Comandancia de Mariña da Coruña, que chegou ás mans dos emigrados e que a tomaron pola galega. E quizaves tamén como influencia do azul presente noutras bandeiras de América do Sur.

Cando Curros * Enríquez morre na Habana en 1908, a enseña azul e branca saloucou ó vento nos centros galegos e en moitos non galegos. Despois, acompañou ó egrexio finado a traveso do mar, pra arroupalo de vez xa no seo da Terra.

Quedaba, pois, fixada a nosa bandeira tal cal a ves hoxe, e así a erguerán as Irmandades da Fala ** e o Partido Galeguista ***, fitos de ledicia na historia do noso pobo. Fitos de ledicia... Xa che deixo dito que os galegos poden tamén xuntarse pra choraren ou xeme-

ren arredor da bandeira. Xuntarse ás veces, e ás veces agacharse e agachala... Cando as ordes dos homes que se cren superiores e poderosos prohíben as bandeiras —a nosa estivo moitos anos prohibida—, os pobos quedan asoballados e negados como tales e os seus símbolos caen abatidos. Somente queda un sitio onde pode fondear sen risco e sen perigo de ser abatida: nos corazóns que a sinten, na alma e na memoria do pobo, nunha especie de soño que noutra volta da historia tén —como nós agora— un rebuldeiro e decidido despertar.



Bandeira que a colectividade galega de Buenos Aires lle regalou a Castelao con motivo do seu nomeamento como ministro do Goberno Republicano no exilio.

EXERCICIOS:

1) Fai con panos ou papeis unha bandeira galega.
2) Escribe o nome dos lugares onde víche-la bandeira galega.
3) Colle un mapa de Galicia e pono ó pé da bandeira que fixeche. Mira pró río Miño e pra ela e di se che parece posible que sexa ese río a franxa azul da nosa enseña. ¿Por que? Escribe a resposta no teu caderno.
4) Pega na libreta un recorte de xornal ou revista no que se vexa a bandeira. Escribe debaixo o que representa a foto.
5) Recita:

Co peito branco e lene
e azúis as aliñas,
a Bandeira é a pomba
que aniñou en Galicia.

6) Recorda: A bandeira galega é sinxela: un pano branco enxergado de esquerda a dereita e de arriba a abaixo por unha xeira azul. Representa á patria galega e é o sinal de todos nós.

O ESCUDO



Sete estrelas, como pombas
que tornan ao seu pombal...
(Luís Amado * Carballo)

O ESCUDÓ

Ademais da bandeira, contamos con outros elementos visuais que sirven pra nos representaren pobos, nacións, asociacións, familias, etc. Estes sinais asemélanse mais ás cousas que representan cás bandeiras. Supoño que xa viche, por exemplo nos coches, o G de Galicia, os mapiñas valeiros ou enxergados pola xeira azul que xa coñeces...

Esa éche a maneira mais sinxela de facer representacións. Os homes inventámo-los sinais que mellor poden facernos presente a realidade. Pintando pombas, simbolizámo-la paz. Facendo cruces, a relixión cristiana. Ti coñeces tamén os sinais de tráfico, que se convertiron en universais e que todos podemos entende-lo que significan. Pro aínda se poden complicar mais as cousas. E desta complicación nace mesmo a cultura: por iso ti podes escribir e entende-lo sinal de multiplicar...

Se volvemos ós sinais dos pobos e, neste libriño, ós de Galicia, atopámonos cos escudos. Éche un estudo ben complicado o dun escudo. Hainos nos apelidos, nas vilas (ti debes coñece-lo da túa)... e haiche tamén un escudo propio de Galicia, aínda que aquí se nos apresente unha particularidade molesta: non hai un só; mellor dito, hai un, se queres, mais con moitas variantes. Dende moi antigo, os artistas, dibuxantes e pintores quixeron representa-la nosa patria, de maneira simbólica, por medio do dibuxo e das cores. O malo foi que cada quen o fixo do xeito que lle parecía mais fermoso e iso complicou a unificación das obras resultantes. Estamos, pois, miña nena, diante do símbolo mais diversamente interpretado que tén Galicia.

Variante do escudo de Galicia

Non che quero cansa-la cabeza cos nomes específicos das partes dun escudo: xa che deixo dito que este estudo é complicado, e tén mesmo unha ciencia pra el só que se chama Heráldica. Eu quéroche dar unha idea de como é o noso e do que representa. Case tódalas variantes teñen algo en común: un cáliz e unha patena no medio e medio do escudo. Tamén che podo decir que soe levar unha coroa enriba, na parte cimeira. A partir deste escudo sinxelo e simplificado que ves na fotografía, o dibuxo pode encherse moito mais. Todo isto irémolo vendo pouco a pouco.

O feito de que apareza o cáliz no medio, fainos cavilar nas súas orixes relixiosas. Tamén co tempo, e ó pé do cáliz, foron aparecendo cruces que, moi a miúdo, verás no noso escudo. A súa orixe é, polo visto, asimesmo relixiosa, e comenzaron sendo un recordo da Paixón do Noso Señor. Os estudosos desta materia cavilan que, andando a historia, pasaron a representa-las antigas provincias do Reino de Galicia: por certo que algunhas delas tiñan un carácter marcadamente relixioso pola súa condición de episcopados (pensa en Mondoñedo ou en Compostela). Estas cruces poden aparecer en certas ocasións convertidas en vieiras. En calquera dos casos, a colocación mais normal destes sete elementos é así: tres a cada lado e unha enriba do cáliz. A tales figuras aínda se lles amecía algunha vez a cruz de Santiago, lendas, anxos e outros motivos

de adorno, debido ó afán dos artistas por encheren o escudo ou por causas ideolóxicas diversas, anque sempre dentro dunha idea xeral de Galicia. Aquí che van copiadas estas lendas frecuentes: **Hoc misterium firmiter profitemur** e **In hoc misterium fidei profitemur.** Ámbalas dúas están escritas en latín, como as de case tódolos escudos, e fan referencia ó misterio relixioso do cáliz.

Cómpre, pois, que saibas que houbo e hai diversas versións do escudo de Galicia. Que houbo mesmo propostas de cambio radical, como unha do grande Castelao * que che mostro aquí, anque non prosperou.

Hoxe por hoxe hai un escudo considerado como oficial. É o que che poño no comenzo deste apartado. Conta coa aprobación da Real Academia Galega ** e é o que, sen dúbida, verás mais veces reproducido.

EXERCICIOS:

1) Se atopas algún escudo de Galicia que podas recortar, pégao aquí e rotula por baixo o nome GALICIA.

2) Se ti foras dibuxante e tiveras un grande afán de representar a Galicia, ¿que se che ocurriría poñer no seu escudo? ¿Por que? Fai disto unha redacción.

3) ¿Coñeces mais escudos que leven o cáliz no medio? De ser así, di o que representan.

4) Recorda: O escudo de Galicia é o símbolo dela que mais variantes admite. Aínda así, os galegos debemos sentilo como un so e saber que representa unha soa Galicia.

5) Fende ó medio unha pataca grande. Fai na sección do corte o escudo de Galicia cunha navalla ou cunha coiteliña. Molla a pataca en tinta e graba así, onde queiras, o noso escudo. Poderalo repetir aínda ben veces.

O HIMNO

OS PINOS

(Himno galego)

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio trasparente
do prácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

—«Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán *.

«Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais sóo os iñorantes,
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden, non.

«Os tempos son chegados.
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.
.....

O HIMNO

A) Poema

Era a segunda metade do século pasado, o XIX. Esa lingua tan belida que ti falas , a nosa lingua, na que xa nos séculos medievais escribiran mesmo os reis, volveu ser empregada por grandes e bos escritores galegos. Noméoche os tres mais importantes: Rosalía de Castro *, Curros Enríquez (recorda que xa che falei del ó falar da bandeira) e Pondal *.



Eduardo Pondal cavilaba nas grandezas e glorias d a nosa patria, Galicia. No seu libro **Queixumes dos pinos,** que ti debes buscar e ler, puxo a falar ós piñeiros de cousas tan importantes que témo-la obriga de as escoitar aínda hoxe os galegos todos. Os piñeiros falábanlle a Pondal, e fálannos a nós, da nosa historia, do noso porvir, das persoas do noso arredor e das intencións que teñen pra nós e prás nosas cousas... Cavila ti sobre o poema que acabas de ler. ¿Que che parece a conversa dos piñeiros?

Suponte que Pondal paseaba unha tardiña por entre os piñeirais de Ponteceso. Suporás moi ben se cavilas que ía inviso en Galicia, no soño de a ver ergueita e

grande, ña frela de a ver sentida polos seus fillos. Todas aquelas cavilacións púxoas o poeta na boca dos rumorosos (el chámalles así ós pinos) e sentuose pensativo pra escoitalos e escribir de paso as súas propias cavilacións. Non che debe chocar que Pondal lles fixese falar ós piñeiros como se de bos galegos se tratara: pensa que a nosa terra está chea deles,e que veñen sendo os «foguetes verdes» da nosa esperanza.

Tamén é de supoñer que se fixera noite, mais o verde seguía salientando polo lombo das demais cores. Por iso mesmo os piñeiros (os rumorosos) falan na hora do prácido luar. No seo do silencio, as alporizadas agullas dos pinos (o escuro arume arpado) vanse convertindo en arpas musicais tanxidas polo vento. O piñeiral funga nunha conversa en tres tempos, e canto mais vai con mais folgo.

O fogar de Breogán (Galicia) está dormido desde hai moitos séculos. Dormido porque vive nun soño alleo a si mesmo, porque vive —morre— noutra lingua, noutra cultura, noutras cousas que non son as propias... Porque sofre unha inxuria que o enche de vergonza. Galicia, o fogar de Breogán, tén que se despriguizar do sono que a mata e tén que se volver contra os que a inxurian e contra o soño alleo...

Mais este despertar de Galicia, este queixume dos pinos, non é entendido e atendido por todos. (Acórdate do que che contaba da bandeira, dos seus abatimentos, dos abatimentos do pobo que representa.) Só atenden e entenden os bos e xenerosos, os que respetan ós pobos coas súas características, os que permiten que cada un lles queira ás súas propias cousas e, en fin, os que son quen de non chapotaren nada que agrome do fondo de nós mesmos: os que nos deixan ser. Os bos e xenerosos son fundamentalmente os que nacendo galegos coma nós queren ser galegos bos. Decataraste de que os homes, canto mais ignorantes son, menos entenden as libertades, o dereito dun a ser: queren unifica-lo que a mesma natureza fixo diverso. Os piñeirais chámanlles a estes homes intransixentes, perseguidores, imbéciles e escuros...



O río Anllóns ó seu paso por Ponteceso

Nas reviravoltas da historia, como che deixo dito, encóntranse os imbéciles e escuros e mailos bos e xenerosos... O fungar dos piñeiros diche, con voz ronca e forte, que a edade dos cantores das nosas verdades, destas verdades que eu che conto aquí, chegou coa voz dos poetas da raza, dos bardos, e coa voz dos poetas do presente e do porvir. A súa voz, que é a nosa voz de pobo, vai acabar coas vaguedades que nos envolveron na noite da historia. Os piñeiros de Ponteceso érguense, así, como liras ou berros de afirmación, en nome a representación de Galicia, pra pregoaren ó vento a redención e a libertade da nación de Breogán.

Ben sei que entenderás ben por que se escolleu este poema pra letra do noso himno, e por que os galegos nos podemos sentir orgullosos del, de termos un himno que di e que recorda tan ben a propia historia, de podermos ser, cantándoo e sentíndoo, dos bos e xenerosos.

EXERCICIOS:

1) Busca un fato de compañeiros que che queiran axudar. Recitade un de vós a voz de Pondal (primeira estrofa) e os outros decide a coro as voces dos piñeiros.

2) Trata de escoita-los funguidos dun piñeiral. Cavila mentres nunha cousa importante. ¿Paréceche que din co seu fungar o que cavilas ti? Fai sobre isto unha redacción.

3) Ademais de piñeiros, hai moitas arbres en Galicia que tamén poden ser protagonistas dunha conversa. Escribe os seus nomes.

4) Fai, ó teu xeito, un dibuxo do paseo de Pondal.

5) Se che axudan outros nenos, facede unha pequena enquisa. Perguntádelle á xente se coñece a letra do himno galego. Iredes anotando así:

coñece non coñece

e no lugar que corresponda poñedes unha cruz. Decide despois que vos pareceu o resultado.

B) **Música**

Un poema, en por si, xa é unha música. Se repites en voz alta o poema de Pondal, decataraste de que, a par te do que di, é como un enxame de sonoridades e de acentos musicais. As sílabas fortes repártense coas débiles dun xeito regular e rítmico. Repara en Galicia...

Galicia, como ningunha outra terra, está envolveita de musicalidade, de ritmo e de armonía. Aquí son ben marcadas e distintas as catro estacións do ano. Cando vaias vivindo mais, irás vendo que os anos galegos son andainas musicais en catro tempos: verde, marelo, cas-



A terra, os pinos, a auga...

taño e branco. As neves que ti ves tan pertiño nos Ancares son como un calderón (descanso) musical na vida das vilas... Ese fungar de piñeiros, carballos, castiñeiros, bidueiras, freixos e capudres é un ostinato dóce e permanente nas terras de Galicia. A eixada que astra hai pouco furaba nos montes pra colleitaren o pan os labregos sería como o golpe seco e rústico dun bombo. Os nosos zoqueiros pandeiretearon na madeira galega do amieiro coa beleza e a gracia dun ballet de zocas chinelas e lizgairas, como pra seren movidas nun escenario. E os pratillazos da música de Galicia podes ti escoitalos nos peiraos e nos cons, onde se desfán as augas escumantes en sons de música perdida...

Galicia enteira desfaise en música cada mañá ó mencer. Un home dos privilexiados, dos bos e xenerosos, Pascual Veiga *, decatouse desta musicalidade nosa e compuxo a **Alborada.** Era a música do mencer galego de cada día. Mais non lle abondou con esta expresión, fíxoselle pequena... Non quería só a musicalidade do mencer: quería deixar trala reixa do seu paso pola nosa historia unha Galicia apreixada e feita son, feita música e espírito, fermosura e pobo. Compuxo pra aquel poema **(Os pinos)** unha partitura onde hai notas da auga manseliña dos ríos, regueiros, lagos e lagoas das nosas terras, e notas mais fortes da auga brava que tamén é nosa: dos turbións, das tronadas e do mar pestifle. Sons suaviños, case mandibles, do ballón, da néboa e da orballada... O vento do fol das gaitas eseméllase ora a esa brisa do montes e das rías, ora a ese xistral que corre sen présa nen engorde polas chairas. Os pauciños do tambor son como un estoupe de muxicas nas lareiras ou nas tólas. As xostradas do sol sobre os lombos dos labregos e dos mariñeiros son como doentes pandeiros que marcan a música do traballo dos homes.

O vento, a auga, o traballo, a madeira, todo xunto, coa unidade que a propia vida lles dá ás cousas, ía estar representado na música do Himno, de xeito que moi

diversos instrumentos o poidesen tocar, cada un polo seu lado, moito mellor ca un só. Os coros que o cantan son tamén unha pluralidade...

Canto mellor entrenado estexa o coro e mais diversidade teña, mais axeitado será o acercamento da súa música á nosa realidade. As voces xúntanse en dúas ou catro, de altas a baixas... Como podes ir vendo, esta música é como un xuntoiro forte de individuos, de instrumentos, de galegos tamén, que dalgún xeito e todos a unha reconstrúen a unidade fermosa de Galicia.

O coro «Airiños da Ulla» diante do pazo de Oca.
Os coros galegos cantan o noso Himno.

Aínda que as nosas cousas, ou Galicia, que ven sendo o mesmo, se vexan representadas por calquera dos tres símbolos que neste libro che amostro, é o Himno seguramente, polo significado que lle dá un poema e pola riqueza e variedade musical, o mais solemne de todos eles, o que mais alporiza á unidade dos homes que queren afirmar e avivece-la fe en si mesmos. Por iso se soe cantar de pé, por iso coroa as grandes solemnidades e por iso conxunta na súa execución a tantos corazóns. Ten todo isto presente cando o cantes.

EXERCICIOS:

1) Aprende o himno galego e cántao cando teñas ocasión de facelo (telo copiado ó final do libro).

2) Por se te sintes tan valente que queres imita-la música variada da natureza galega, vouche pór aquí algúns ostinatos que podedes facer ti e os teus amigos pra acompañarvos.

—Claves
—Crótalos



—Bombo

—Pandeiro



—Triángulo
—Conchas



3) ¿Cal dos tres símbolos representa pra ti mellor a Galicia? ¿Por que?

4) ¿Gustaríache falar cos grandes de tódalas cousas que che deixo ditas? Se é así, faino. Podes aprender mais cousas da boca deles ou, ó mellor, ensinarlles ti moitas outras que eles non saiban aínda.

BIOGRAFIAS, FITOS E DATAS

AMADO CARBALLO, **Luís.** Naceu en Pontevedra o 2 de maio de 1901 e morreu na mesma cidade en 1927. Foi mestre, xornalista e poeta, e tivo certa influencia no desenrolo da nosa literatura. As súas obras principais son **Proel** e **O galo.**

BRAÑAS, **Alfredo.** Nado en Carballo (A Coruña) o 11 de xaneiro de 1859, foi escritor e xornalista, orador, político e profesor da Universidade. É o creador ou formulador da teoría do rexionalismo galego. O seu libro mais importante leva precisamente o título de **El regionalismo.** Morreu en Santiago de Compostela o 22 de febreiro do ano 1900.

BREOGAN. Personaxe entre histórico e lexendario a quen se lle atribúe a fundación da Coruña. Viviría entremedias dos séculos XI e V antes de Cristo. Pondal, no poema que ti coñeces, dálle como fogar a Galicia.

CABANILLAS, **Ramón.** Naceu en Fefiñáns (Cambados-Pontevedra) o 3 de xuño de 1876. Foi administrativo e emigrante. É o poeta mais importante da época das Irmandades da Fala e unha das mellores voces da nosa literatura. Entre os seus libros mais significativos debes recordar **No desterro, Vento mareiro, Da terra asoballada, Samos** e **Camiños no tempo.** Morrería na súa vila natal o 9 de novembro de 1959.

CARRAL, **Mártires de.** Cando pases pola vila coruñesa de Carral, fíxate no monumento que alí se ergue en recordo duns homes que en 1846 querían unha Galicia nova e dona de si. Alí foron fusilados polos que sempre lle negaron respeto ó noso pobo: os intransixentes, os perseguidores, os imbéciles e escuros, como che di o noso Himno.

CASTELAO. Alfonso Rodríguez Castelao naceu en Rianxo (A Coruña) o 30 do xaneiro de 1886 e morreu en Buenos Aires, no exilio, o 7 de xaneiro de 1950. Foi médico, escritor, dibuxante e político. Foi, sobre todo, un dos mais valentes loitadores polos dereitos de Galicia.

Le as súas obras: **Os vellos non deben de namorarse, Os dous de sempre, Cousas, Un ollo de vidro, Sempre en Galiza,** etc.

CASTRO, **Rosalía de.** Veu ó mundo en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837. Foi o primeiro escritor de importancia que rompeu o silencio do noso idioma como lingua escrita. Casou co historiador Manuel Murguía e soubo tamén da emigración. Como poeta, as súas obras mais significativas pra nós son **Cantares gallegos** e **Follas novas.** Deixou este mundo en Padrón o 15 de xullo de 1885.

CURROS ENRIQUEZ, **Manuel.** Naceu en Celanova (Ourense) o 15 de setembro de 1851 e morreu na Habana o 7 de marzo de 1908. Traballou como periodista e foi tamén emigrante. Con Rosalía e Pondal, é un dos meirandes poetas galegos. As súas obras principais son **Aires da miña terra** e **O divino sainete.**

IRMANDADES DA FALA. Antón Villar Ponte, o principal promotor destas organizacións, constituíu en 1916 a Irmandade da Fala da Coruña. Logo fúndanse as de Santiago, Monforte, Vilalba, Betanzos e outros lugares. Tiñan como finalidade de seu a exaltación e fomento do noso idioma, xunto co estudo das realidades do País. A súa orientación era de tipo nacionalista e o seu órgano periodístico foi **A Nosa Terra.**

PARTIDO GALEGUISTA. Constituído en Pontevedra en 1931, tivo como homes mais destacados a Castelao, Alexandre Bóveda e Otero Pedrayo. Foi o verdadeiro representante do movemento autonomista galego. Gracias ó seu esforzo, foi posible a elaboración do Estatuto de Galicia e a súa aprobación en xuño de 1936. Xa aprenderás todo isto e mais o que veu despois cando estúde-la nosa historia.

PONDAL, **Eduardo.** Nado en Ponteceso (A Coruña) o 8 de febreiro de 1835, morrería na Coruña o 8 de marzo de 1917. Sendo estudante de Medicina na Universidade de Compostela, participou nun banquete de irmandade de escolares e obreiros celebrado na carballeira de

Conxo (1856). É un dos nosos primeiros poetas, e o seu libro fundamental, do que xa ti coñeces un poema, chámase **Queixumes dos pinos.**

PRONUNCIAMENTO. Manifestación de carácter político e militar, moi frecuente na España do século XIX. O pronunciamento ou levantamento galego de 1846, levado adiante por un grupo de homes nosos que se contaban entre as mellores cabezas daquel tempo, significou o primeiro pulo do noso rexionalismo, a primeira conciencia do noso País como unidade diferenciada, como pobo. Xa sabes que este movemento tivo o seu remate brutal na vila de Carral.

REAL ACADEMIA GALEGA. Foi creada en 1906, con asento na Coruña. Tén encomendado como primeiro obxectivo o estudo e a defensa do noso idioma.

VEIGA, **Pascual.** Músico e compositor nado en Mondoñedo en 1842. Foi organista daquela catedral, das colexiatas de Covadonga e da Coruña e profesor do Conservatorio Nacional. Compuxo a famosa **Alborada** e é tamén autor, como ti sabes, da música do noso Himno. Morreu en 1906, e o seu enterro, na cidade natal, foi quizaves o mais impresionante que alí se acorda.

HIMNO GALEGO

Letra :: Pondal
Música :: Veiga



LECCION FINAL

O voso mestre explicaravos que os pobos non viven illados, senón que senten a obriga de se relacionaren con outros pobos próximos. Mais cómpre que tal relación sexa de respeto mutuo e de igualdade.

O noso país, Galicia, que forma parte da comunidade española por moitas razóns que xa iredes sabendo, non pode quedar alleo a tales principios.

Pois ben, como unha lección mais pra meditarmos, queridos nenos —e grandes—, imos reproducirvos aquí, da man do escudo real de España, unha mostra deses vínculos históricos de que antes falabamos.

Escudo real de España procedente dunha casa da Praza de San Fernando, en Tui, que hoxe podedes ver no Claustro da Catedral da mesma cidade. No centro, o blasón de Galicia.

Aquí tedes tamén o blasón de Galicia incorporado no escudo real, dibuxado pra vós polo heraldista Xaime Bugallal e Vela.

Este évos o escudo de España que debe usarse en Galicia. Como vedes, leva en lugar preeminente o noso escudo.

Poñémosvos aquí, pra rematar, algunhas variantes mais dos nosos símbolos visuais —o escudo e a bandeira—, historiados nesta ocasión por autores alleos ó noso país. Deste xeito poderédesvos decatar tamén da universalidade dos mesmos.

GALLICE.

Este escudo de Galicia aparece no libro **Le blason des armoiries** («O blasón do escudo de armas»), editado en Lyon en 1581. É o seu autor Hierosme de Bara.

Trae ó pé a seguinte descripción, que traducimos pra vós do francés: «De azur, co campo sementado de cruces recrucetadas de prata, e un copón ou cáliz cuberto de ouro. Algúns só mostran seis cruces recrucetadas e fixadas, tres por cada lado».

Cómpre decir que as sete cruces do escudo de Galicia datan de mais adiante (século XVII), cando a cruz que remata a tapa do copón, ou a cruz da custodia, se separa deste elemento e queda exenta en xefe, é decir, na parte superior do escudo.


Fig. 1.
Fig. 15.
Fig. 16.
Fig. 17.
Jaune
Blanc
Rouge
Bleu
Noir
Vert
Fig. 5.
Pourpre
Fig. 2
Fig. 3.
Fig. 7.
Fig. 8.
Fig. 9.
Fig. 6.
Fig. 4.
Fig. 10.
Fig. 11.
Fig. 12.
Fig. 13.
Fig. 14.
Fig. 18.
Fig. 19.
Fig. 20.
Fig. 21.
Fig. 22.
Fig. 23.

A **figura 23** corresponde á bandeira galega. Está incluída na **Encyclopédie méthodique** (París, 1782), segunda edición da Enciclopedia de Diderot. Alí faise a seguinte descripción da nosa enseña: «Branca, cargada ó centro dun cáliz ou copón cuberto de ouro, acompañado de seis cruces roxas, tres por cada lado».

Como ves, cabo da nosa enseña hai tamén outras, entre elas tres bandeiras reais e dúas particulares de España. Trata de identificalas. Se non es quen de facelo, te-la solución a pé de páxina.

Enseñas reais e particulares de España: 15, 16, 17, 20 e 21.



A segunda figura da rea do fondo corresponde ó escudo de Galicia. Pertence á obra **Wappenbüchlein** (Nüruberg, 1555), de Virgil Solis. En campo de azur, un cáliz de ouro.

Os grabados que tes á marxe, feitos sobre madeira por A. Durero e outros grabadores alemáns, forman parte dunha serie de 192 bloques de madeira.



Foron reproducidos ou editados no ano 1518 en DIE EHRENPFORTE DES KAISERS MAXIMILIAN I **(Oarco triunfal do emperador Maximiliano I)** 1512-1517.

Ves aquí representados varios escudos españois. O último do fondo á dereita é o de Galicia.

Nun manuscrito da Biblioteca do Escorial (Ç. IV, 9, folio 142), que debe datar do tempo dos Reis Católicos, aparece a mais antiga referencia coñecida en España sobre o escudo de Galicia. No corpo do texto, que describe sumariamente o noso vello Reino e que fala do carácter da nosa xente, intercálase un dibuxo rudimentario do noso blasón. (Información facilitada polo amigo Arturo Reguera López.)

SERVICIO DE PUBLICACIONES DEL MINISTERIO DE EDUCACION